CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Emprega as pinzas, pipetas e elementos para facer trasvases de xeito adecuado.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Emprega diferentes partes do corpo (mans, pé,..) para medir algún obxecto dado.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	É quen de contar as súas experiencias e escoitar as dos outros.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	É quen de nomear diferentes partes do corpo nas dúas linguas oficiais.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Regula as súas emocións en función das situacións.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Utiliza estratexias para tomar decisións sendo estas cada vez máis elaboradas.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Tolera diferentes situacións susceptibles de xerar frustración.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Disfruta coa realización dos proxectos propostos.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Iníciase en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Emprega as pinzas, pipetas e elementos para facer trasvases de xeito adecuado.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Responde axeitadamente aos diferentes intercambios comunicativos cos seus semellantes.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece a importancia da hixiene e da alimentación saudable en prol dunha boa saúde.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	É quen de parar ante situación potencialmente peligrosas.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Expón as súas ideas, pensamentos de xeito comprensible para os outros.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	É independente no uso do baño así como da hixiene de mans.	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Segue a rutinas da aula.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Recolle as cousas coas que xoga ou traballa e colabora cos seus compañeiros para manter o orden na aula.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Escribe o seu nome segundo a etapa do desenvolvemento na que se atopa	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de coller axeitadamente os útiles de escritura e desfruta empregándoos.	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Expresa os seus pensamentos de xeito asertivo.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	É quen de crear un debuxo escoitando unha obra musical.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Disfruta bailando.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Goza das propostas de ioga que se realizan na aula.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valora as producións dos outros sen mostrarse ofensivo ou dañino.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Gústalle debuxar seguindo o son da música.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Utiliza de xeito guiado as tecnoloxías presentes na aula.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.

Contidos

- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.
- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.
- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.
- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...
- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.

Contidos

- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
2	O ladrón de follas	104

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Amosa curiosidade e interese ante diferentes representacións artísticas relacionadas co outono.	TI
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Fai conteo de alumnos e alumnas que están na aula.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Desfruta realizando diferentes actividades plásticas relacionadas co outono.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Axusta as súas respostas en función dos diferentes interlocutores.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Identifica o círculo en elementos da aula, do patio,...	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Nomea algún elemento do outono nas dúas linguas cooficiais.	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Amósase disposto e confiado ante as diferentes propostas de xogo.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participa tanto no xogo dirixido como no espontáneo.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Recoñece e identifica palabras tanto en galego como castelán do vocabulario habitual do outono.	
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Propón hipóteses cando se realizan experimentos na aula.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Respecta as diferenzas lingüísticas da contorna.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Axuda a compañeiros ante situacións complexas e solicita axuda para si.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa no xogo de "palabras encadenadas".	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Coñece algunhas características propias do outono como as cores, a caída das follas, ...	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Emprega expresións de cortesía como "Bos días, grazas ou por favor".	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Colabora no mantemento do parque do cole para que estea limpo e coidado.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Na assemblea, participa contando algunha experiencia persoal.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Comeza a coñecer as rutinas da aula.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Recoñece algunha das profesións máis próximas a sí mesmo.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Iníciase non trazo do seu nome.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Recoñece o nome propio.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Desfruta da hora do conto.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión sobre as pinturas de outono mostradas na asemblea.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpreta as mensaxes transmitidas mediante diferentes representacións artísticas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	É quen de facer traballos co punzón e de estampación.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza debuxos tras contar o que fixo a fin de semana.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	É empático á hora de xuzgar as producións dos outros.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpreta as mensaxes transmitidas mediante diferentes representacións artísticas.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Manipula a caixa de luz.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Xestiona o seu turno de uso da pantalla dixital sen enfados e entendendo o seu funcionamento.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.
- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.
- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.
- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.
- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.
- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.
- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- A escola.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas. - Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais. - Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos. - Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.

UD	Título da UD	Duración
3	Un puñado de botóns	104

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	É quen de realizar unha serie seguindo una consigna de 2 cores.	TI
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Respecta a quenda de palabra tanto na asemblea como noutros ámbitos da escola.	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Goza cos contos narrados polas familias cando veñen a escola a amosa respecto cara elas.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Axusta o seu repertorio comunicativo cando varía con quen fala ou a situación na que falan.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Gústalle escoitar cancións en outras linguas.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Fala a cerca dos seus estados de ánimo cando falamos na asemblea.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Emprega vocabulario nas dúas linguas cooficiais para identificar aos membros da familia máis próximos.	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Colabora cos compañeiros planificando estratexias para resolver problemas como: construción duha casaña con pezas, dunha carretera para os coches...	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Utiliza vocabulario da familia nas dúas linguas.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	Ante situacións de frustración, ten diferentes estratexias para canalizala.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	É quen de controlar os seus impulsos ante situacións difíciles.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Acepta as normas da aula e cúmplesas.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Utiliza diferentes estratexias para o toma de decisións de forma autónoma.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega fórmulas de cortesía no contexto axeitado.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa interese por coñecer algunhas palabras noutros idiomas transmitidas a través das familias cando veñen a contar contos.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Axuda aos compañeiros cando hai algunha adversidade e pide axuda se a necesita.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Expresa inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Participa nos xogos propostos tanto polo equipo docente como por outros profesionais que acuden ao centro.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Iníciase en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece os partes do prato Harvard por cores.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Interpreta correctamente as mensaxes dos seus iguais.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Amosa respecto ante situacións que comprometen a súa integridade física.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Comunícase productivamente tanto cos compañeiros como co persoal do centro.	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Identifica as diferentes rutinas da aula.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	É autónomo para a realización de tarefas cotiás como ir ao baño, coller a súa merenda ou recoller as o que ensucian.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Tras e escoita dunha canción, pode dicir algunha das palabras que se escoitaban nela.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Amósase seguro e con iniciativa ante diferentes situacións do día a día.	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Valora as relacións co núcleo familiar e escola, sentíndose como un máis dese núcleo.	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identifica a letra inicial do seu nome e de atopala (se a houbera) noutros nomes.	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Relaciónase con outros membros da contorna como o panadeiro, dependentes de tendas, persoal do centro...	
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	Identifica e respecta diferentes modelos familiares tras a lectura de "Un puñado de botóns"	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Participa nos xogos propostos tanto polo equipo docente como por outros profesionais que acuden ao centro.	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Relaciónase de forma asertiva coas persoas que tratan habitualmente.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Coñece diferentes profesións tras a saída á rúa peonil que temos diante do cole.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Participa no festival de Nadal organizado no centro.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	Escribe, de maneira guiada, e atendendo a etapa na que se atopa, títulos para as súas obras.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Participa en xogos simbólicos como a cociña, o coidado dos bebés ou a limpeza da aula.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Participa, de maneira guiada, na reflexión sobre contos nos discriminatorios.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Busca alternativas cando hai un conflito.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Desfruta da degustación de produtos doutros países traídos polos familiares dos nenos e nenas da aula.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identifica algunhas características do seu nome (letra inicial, o total, algunha letra...)	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Amosa interese e desfruta cando ven algún familiar a contar un conto.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Participa no empréstamo de libros e nas actividades da mochila viaxeira.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpreta as mensaxes transmitidas a través de diferentes representacións.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Representa á súa propia familia empregando elementos dos mundos.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Pon en valor o seu criterio ante a visualización de diferentes obras de arte.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Recoñece algunhas das funcións da pantalla dixital da aula.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.

Contidos

- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Relacións de parentesco.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.

Contidos

- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- respecto cara ás producións alleas.
- planificación da acción en producións plásticas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

UD	Título da UD	Duración
4	A ovelliña que veu a cear	104

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participa axeitada, respetuosa e espontaneamente ante diferentes situacións comunicativas.	TI
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Asocia os números 1,2 e 3 coas cantidades correspondentes.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Busca de xeito activo diferentes figuras xeométricas (círculo, triángulo e cadrado) cando saímos ao patio.	
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Coñece os diferentes espazos da aula e do colexio e para que serven	
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Emprega os policubos para medir a súa pisada, a súa man e a súa altura.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Recoñece de xeito oral vocabulario relacionado co inverno tanto en galego como en castelán.	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Confía nas súas posibilidades e mostra iniciativa ante diferentes situacións de xogo.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Intervén nas diferentes propostas que xurden dende a biblioteca escolar.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Descubre novos termos nas dúas linguas referidos a vocabulario do inverno.	
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Elaboar hipóteses do comportamento da auga en diferentes estados.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Valora positivamente as particularidades lingüísticas da contorna.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega expresións formais como "Bos días, gracias ou por favor".	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Programa secuencias de accións para resolver diferentes tarefas.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Disfruta vendo videos de persoas do mundo facendo saúdos nas súas linguas.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Identifica o son x como característico do galego.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Establece a relación causa-efecto dalgúns fenómenos atmosféricos (tormentas, arco da vella...)	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construindo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Adquire novas palabras relacionadas co ciclo da auga e emprégaa de forma axeitada no discurso.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Realiza actividades de lavado de útiles de cociña de xoguete no taller de "auga para a vida diaria".	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Séntese parte do grupo aula e valora positivamente esta pertenza.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Fai diferentes tipos de trazo co fin de desenvolver a motricidade fina.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Amosa unha actitude de escoita positiva no momento de contacontos.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Recoñece emocións básicas: Tristeza, alegría, enfado...	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza un collage para representar as súas emocións.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa gustos, preferencias e opinión ante diferentes manifestacións artísticas.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Recoñece a intencionalidade do emisor ante diferentes manifestacións artísticas.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa, de xeito guiado, na utilización de aplicacións dixitais.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Emprega axeitadamente a pantalla dixital.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Comunicación interpersoal: empatía e asertividade. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidadade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. - Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro. - Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos. - Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.

Contidos

- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.

UD	Título da UD	Duración
5	Riciños de oso	104

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Fai clasificación de obxectos atendendo a 1 ou 2 criterios.	TI
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Emprega "máis que" e "menos que" de forma correcta.	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresa as súas emocións a través das pantallas que elaboraremos para o entroido.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Descubre palabras específicas do vocabulario do entroido.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Recoñece as figuras circulares e cuadradas que atopamos tanto na aula como no patio.	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Debuxa os diferentes elementos da cara no lugar correspondente.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Identifica os diferentes momentos da mañá segundo as rutinas establecidas.	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Xestiona diferentes situacións planeando de maneira conxunta cos seus iguais.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Utiliza palabras tanto do galego como do castelán referidas ao entroido.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participa nos diferentes xogos que se propoñen.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega axeitadamente fórmulas de cortesía.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa interese por coñecer tradicións dos entroidos doutros lugares do mundo.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Colabora cos compañeiros ofrecendo e pedindo axuda.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Mostra satisfacción ante os logros alcanzados.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Iníciase en actividades relacionadas coas metodoloxía STEAM	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Realiza tarefas de insertado de abalorios para facer colares.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Fai un uso correcto do cuarto de baño e do lavado de mans.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Recoñece as dúas árbores máis características de Galicia: castineiro, carballo e acivro.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Colabora na realización de filloas e no lavado dos útiles empregados.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Conta ante o grupo-clase a súa disface o que se significa.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Amósase seguro e con iniciativa ante diferentes posibilidades no xogo.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Iníciase na escritura dalgunhas verbas como máscara, orellas, filloas,...segundo a etapa do desenvolvemento da linguaxe na que se atope.	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Relaciónase positivamente coas persoas da súa contorna.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo.	Elaboración en pequeno grupo dalgún mandado do Meco.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Reproduce diferentes condutas a través dos xogos de rol que proporciona o rincón dos disfraces.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Desfruta e participa das diferentes tradicións propias do entroido.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Identifica algúns elementos como: cigarróns, peliqueiros, orellas, filloas,..	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.	Participa e respecta algunhas das tradicións destas datas.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identifica en palabras seleccionadas algunhas letras en común co seu nome.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Procura e ollea na biblioteca libros dunha selección previa relacionados coa temática da UD.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Goza no momento da hora do conto.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Desfruta cando algún familiar ou persoal de biblioteca lle fai unha aproximación á lectura.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Da a súa opinión respecto dos diferentes traxes tradicionais do entroido galego.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpreta as mensaxes que nos intentan transmitir a través das pantallas e das máscaras.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Elabora unha máscara veneciana sendo parte dun pequeno grupo que terá unha temática concreta.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Emprega a maquillaxe para expresar o seu ánimo ou as súas ideas.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valora positiva e empaticamente as producións dos demais.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Elabora creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Fai chamadas de Facetime coa clase do lado e recoñece os pasos a seguir.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Identificación das nocións topográficas básicas no plano. - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia. - Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.

Contidos

- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
6	Aínda nada?	104

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Manipula o conto eixe da UD e aprecia tamén a representación dixital.	
CA1.5 - Situar adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Segue as instrucións tanto no momento de relaxación como cando practicamos ioga.	
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Emprega a medida da súa man para calcular canto mide a súa perna.	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Identifica algunha situación na que pode empregar as medidas corporais como no xogo "ouro, prata"	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Cando xoga, amósase seguro e confiado nas súas posibilidades.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Emprega vocabulario relacionado coa primavera e a natureza	
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Fai hipóteses do que pasaría si tocamos a comida coas mans sucias.	TI
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa nos proxectos da aula.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Acepta as diferenzas individuais e evita calquera tipo de discriminación.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgúns accións humanas sobre el.	Mostra unha actitude de respecto cara o mediambiente e os animais tanto da súa contorna como de entornos máis lonxanos.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Comprende as ideas transmitidas polos outros.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Discrimina cales dos alimentos inxeridos pola eiruga son saudables e cales non.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Establece relacións causa-efecto nos procesos de coidado das plantas da aula.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Emprega termos referidos ao ciclo vital da bolboreta.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica aqueles elementos imprescindibles para a vida e desenvolve actitudes de preocupación e coidado para mantelos nun futuro.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Recoñece a peligrosidade dunha alimentación que non sexa saúdable.	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Identifica os diferentes días da semana seguindo a secuencia narrada no conto da "Eiruga lambona"	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Coñece algunhas das características propias dos seres vivos.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Valora a importancia de tódolos seres vivos e a súa importancia para manter o equilibrio na natureza.	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Realiza unha representación plástica do ciclo vital da bolboreta	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Recoñece algunhas palabras específicas da UD e identifica letras compartidas no seu nome.	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Coñece a secuencia de comidas que se produce ao longo do día e o seu nome.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Relaciónase cos seus iguais a través do xogo.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Recrea o traballo nun restaurante a través do xogo no rincón da cociña.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	Utiliza diferentes linguaxes artísticas para expresar as súas ideas.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Propón alternativas para a resolución de conflitos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Entende a biblioteca como un espazo para a búsqueda de información, de disfrute e de relaxación.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Goza no momento do conto.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Recoñece a intencionalidade comunicativa dos demais a través das diferentes formas de expresión artísticas.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Usa o arte nas súas diferentes formas para expresar as súas ideas e emocións.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Explica que é o que lle gusta ou non das diferentes manifestacións artísticas.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Recoñece a intencionalidade do outro cando transmite a súa mensaxe a través de diferentes manifestacións artísticas.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Respecta a súa quenda de uso da pantalla dixital e é autónomo no seu uso.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.

Contidos

- Habilidades do pensamento computacional.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Os seres vivos e as súas características.
- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respetto dos seus dereitos.
- Respetto e protección do medio natural. Respetto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respetto cara ás producións alleas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Planificación da acción en producións plásticas. - Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais. - Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos. - Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.

UD	Título da UD	Duración
7	A ola	104

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpreta segundo o seu criterio diferentes representacións artísticas.	TI
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Identifica os números ata o 10 e asocia coa cantidade.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Expresa as súas emocións e e quen de recoñecelas nos outros.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participa de xeito activo e controlado nas diferentes propostas de xogo.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	Resolve os problemas empregando diferentes estratexias.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Aprende e usa no contexto adecuado diferentes palabras en galego e castelán do vocabulario do verán.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Controla as súas emocións e impulsos.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Adapta o seu comportamento segundo as diferentes situacións.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Programa secuencias de accións para resolver tarefas tanto analóxicas como dixitais.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Amosa seguridade cando ten que expresar unha opinión.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Mostra preocupación e respecto cara a súa contorna e a importancia de coidar o medio que nos rodea.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Identifica fonemas propios do galego e pronúncios correctamente.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	É quen de ensartar diferentes abalorios para facer "xoiás".	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Coñece a importancia da auga e outros recursos naturais e a necesidade da súa preservación e uso responsable.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Conta as súas experiencias e o seus desexos para as vacacións.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Coñece a importancia da crema solar e é quen de botala antes de saír ao patio.	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Coñece as rutinas da aula e é quen de anticipalas.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Colabora nas tarefas que se propoñen.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Escribe o seu nome e o de algún compañeiro de acorde á etapa do desenvolvemento da lectoescritura na que se atopa	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Mostra iniciativa para propoñer xogos aos seus compañeiros.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Descrube a profesión do bombeiro forestal.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Relaciónase de maneira asertiva e tolerante.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identifica algunhas letras de palabras do vocabulario do verán e a súa similitude coas do seu nome.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Desfruta coa saída á biblioteca do barrio.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Amosa atención e gozo cando é o momento do conto.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Idea e escribe o nome de diferentes obras relacionadas co verán.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa preferencia cando se lle dan distintas opcións.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Elabora xunto co grupo aula un mural do verán empregando diferentes técnicas plásticas.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Emprega o debuxo como elemento canalizador das súas emocións.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valora de xeito respetuoso as creacións dos outros.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	A través de diferentes linguaxes, elabora as súas propias creacións plásticas.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	É quen de realizar unha conversa por "facetime" coa clase do lado e recoñece os comandos necesarios para facela.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa activamente no Lipdub que se fará para despedir o curso.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Identificación das nocións topográficas básicas no plano. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa

Contidos

- contorna.
- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - cultural. - Memorización e recitado de textos literarios. - Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo. - Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
8	Música	36

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Identifica os sons dos instrumentos traballados na aula	TI
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Amosa interese na execución das actividades propostas.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Respecta as quendas á hora da interpretación musical	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Manifesta se lle gustan ou non as propostas musicais.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Selecciona a emoción que lle produce a música escoitada.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Interpreta partituras sinxelas con grafías non convencionais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos. - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - O código musical: o son, o silencio e as súas calidades. - Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. - Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.

UD	Título da UD	Duración
9	Inglés: My family	36

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Mostrar respecto polas diversas linguas durante a clase de Inglés.	TI
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Mostrar respecto polas diversas linguas durante a clase de Inglés.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Reaccionar ante as mensaxes ou ordes sinxelas do mestre na aula referidas a diferentes aspectos tratados durante o curso.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Usar o propio corpo na realización de movementos para expresar accións na lingua estranxeira referidas a diferentes aspectos tratados durante o curso.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Prestar atención o ordenador e a pantalla dixital durante o seu uso na clase de Inglés ben para visualizar pequenas historias, vídeos ou xogos básicos referidos a diferentes aspectos tratados durante o curso durante a clase de Inglés	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

UD	Título da UD	Duración
10	Psicomotricidade	72

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Progresa no coñecemento do seu corpo.	TI
CA1.5 - Coordinar e controlar ou seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Controla o seu corpo e posibilidades motrices.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Participa activamente en xogos motores	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Avanza no control do seu corpo	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Emprega o corpo como medio de expresión.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o que se expón no Decreto 150/2022, así como na Orde de 30 de maio de 2023, a práctica educativa plantexada nesta programación basearase en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, na experimentación e no xogo. As áreas enténdense, seguindo ca actual lei vixente, como ámbitos de experiencia intrínsecamente relacionados entre sí, polo que se plantexan propostas globalizadas de aprendizaxe (unidades didácticas e proxecto) que son de interese para o alumnado.

En cada unidade didáctica e no proxecto levaranse a cabo:

- Diferentes tipos de actividades: iniciais, de desenvolvemento, finais, de ampliación e de reforzo.
- Distintos tipos de agrupamento: parellas, pequeno grupo, grupo-clase, gran grupo e individuais
- Distinta forma de aprendizaxe: a través do xogo, por experimentación con diversos materiais, fichas, pequenas investigacións, exposicións, visualización de vídeos, presentacións educativas, diálogos guiados, asembleas, obradoiros...

-Distintas formas de organización espacial: ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo... Terase en conta, en todo momento, o Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder á información, deferentes xeitos de expresarse, e diferentes formas de motivar ao alumnado.

En canto os tempos, para a organización das sesións tense en conta a curva da fatiga de Kraepelín, incluíndose tempos que permitan os nenos e nenas a interacción con diferentes persoas, tempos de rutinas, tarefas de xogo e traballo, ambientes diferenciados como a aula, o patio ou o entorno. Ademais, posibilitase que o alumnado teña o seu tempo persoal para satisfacer os seus intereses e necesidades de movemento, exploración, fantasía, coñecemento...

O papel do docente é o de guía da aprendizaxe, sendo o alumnado un suxeito activo na construción do seu coñecemento. Ademais, creárase un clima de seguridade e confianza, onde o alumnado non teña medo a cometer erros.

O traballo con ferramentas tecnolóxicas, tan presentes no noso día a día, estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumnado iniciárase no seu emprego de forma transversal, pero sempre dende unha maneira responsable, respectando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

Dito todo isto, explicarase brevemente cada unha das áreas de experiencia, seguindo o Decreto 150/2022:

- Área de Comunicación e representación da realidade: débese ter en conta a concepción positiva da infancia ao respecto das súas múltiples potencialidades comunicativas creando as condicións para que as diferentes linguaxes se desenvolvan plenamente, sen considerar a ningunha por enriba das demais. Diseñaranse situacións de aprendizaxe relativas aos intereses do alumnado que respecten a necesaria transsferencia dunhas linguaxes a outras, combinando as diferentess técnicas, recusus e materiais propios de cada unha para un mellor autocoñecemento e comprensión da realidade. O emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna, incorporadas ás rutinas cotiás, xogos ou cancións que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

-Área de Crecemento en harmonía: a intervención educativa nesta área busca o máximo desenvolvemento do alumnado axustándose ó seu momento evolutivo, respectando os ritmos e as características individuais e propoñendo situacións de aprendizaxe motivadoras. Estas situacións educativas promoverán a observación, a manipulación e a exploración dos nenos e das nenas desenvolvendo aspectos motrices que faciliten o avance na súa autonomía, tanto nos movementos coma nos desprazamentos, tomando conciencia do seu corpo e das súas partes para chegar paulatinamente á interiorización do esquema corporal.

- Área de Descubrimento e exploración da contorna: nesta área é precisa unha intervención que contemple distintas opcións para o acceso aos contidos, que plantexe un deseño de ambientes de aprendizaxe ricos en recursos e oportunidades e que potencie a motivación e as metodoloxías activas aproveitando a curiosidade innata do alumnado por descubrir e explorar o mundo que o rodea. As principais ferramentas de traballo para desenvolver os procesos de razoamento lóxico e o método científico serán as nocións matemáticas, espaciais e temporais, a curiosidade, a resolución de retos e busca de solucións e a promoción de actividades manipulativas e sensoriais, sempre contextualizadas, partindo de coñecementos e experiencias previas e respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado.

O deseño de situacións STEAM que faciliten aplicar habilidades do pensamento computacional se fará dende un enfoque coeducativo e o respecto ás emocións, propias e alleas.

Tamén se promoverán actitudes activas de sensibilidade cara o medio ambiente, integrando hábitos de vida sans e sostibles, así como unha perspectiva divulgativa, crítica e afectuosa respecto aos elementos identitarios da propia cultura, fomentando o respecto hacia outras.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: ordenador de aula, tablet, pantalla dixital interactiva, robot (ratón robótico Code&go) e mesa de luz
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material visual: carteis, láminas, bits...
Material elaborado pola mestra: fichas e xogos relacionados coas unidades didácticas e coas rutinas diarias

Material de xogo simbólico: cociñas, bonecos, coches, tenda...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material artístico: pinturas, plastilina, luz negra, títeres, instrumentos musicais, pinceis, ceras...
Material para o xogo: construcións de diverso tipo, ensartables, puzzles, circuitos de canicas, imáns...
Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, aros, colchonetas, zancos...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Comunidade educativa: alumnado, persoal docente e non docente, familias ou calquera persoa que interveña na vida do centro.
Todo o que nos poida ofrecer a contorna: parques, bibliotecas municipais, zonas verdes, monumentos, Concello, lugares emblemáticos, servizos públicos municipais, tendas...

En canto ós materiais e recursos dispoñibles, sempre se utilizarán de maneira contextualizada, tendo en conta as diferentes unidades didácticas, de tal maneira que se sacarán ou gardarán dependendo do momento no que nos encontremos, co fin de non saturar o ambiente.

Crearase unha zona para ir recompilando os materiais relacionados co proxecto anual ca finalidade de facer un pequeno recuncho especializado que nos permita aprender por experimentación e observación.

As familias son un elemento fundamental. Contarase coa súa axuda, xa sexa para facer obradoiros ou contacontos ou para aportar diferentes materiais, traballos ou explicacións.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ó inicio do curso lévase a cabo unha avaliación inicial do alumnado coa finalidade de comprobar o nivel psicomadurativo dos nenos e nenas e planificar en base ós datos obtidos a práctica educativa. Resulta fundamental como método para atender á diversidade xa que serve como medio para a identificación temperá das necesidades educativas procedendo canto antes á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Para facela utilizaranse os seguintes instrumentos:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicais... realizadas polo alumnado.
- Información aportada polas familias ou titores/as legais, tanto a través de entrevistas orais como a través do cuestionario entregado ó inicio de curso (xa que o alumnado se encontra en 4º de educación infantil).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución de criterios para cada materia segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación(sen dificultade, en proceso, con dificultade), de forma que o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado pola mestra ou

mestre.

Criterios de recuperación:

Non proceden nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Os referentes legais para levar a cabo este apartado son o Decreto 229/2011 e a Orde de 8 de setembro de 2021. Ademais hai que ter en conta o Plan de Atención á diversidade do centro, elaborado polo equipo de orientación e concretado anualmente na Programación Xeral Anual.

A atención á diversidade abarca á totalidade do alumnado en tanto que se entende como o conxunto de medidas (ordinarias e extraordinarias) e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás características e necesidades do alumnado. Polo tanto, para a elaboración da programación didáctica tense en conta esta afirmación, así como o Deseño Universal do Aprendizaxe, tratando de que todo o alumnado teña a posibilidade de aprender, reducindo as barreiras que poida haber.

A intervención educativa seguirá sempre os principios de inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade, accesibilidade e interculturalidade.

Para a atención a diversidade é necesario o traballo en equipo de todas as persoas que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, é dicir, profesorado, familias e equipo de orientación, buscando estratexias comúns e consensuadas. Se isto é necesario para a totalidade do alumnado, será totalmente imprescindible para os nenos e nenas que presenten algún tipo de necesidade. No caso deste curso, 4º de educación infantil, hai unha alumna que precisa da atención da docente de audición e linguaxe, da docente de pedagogía terapéutica e do apoio da coidadora, todo isto establecido tras a avaliación psicopedagóxica realizada polo departamento de orientación do centro escolar.

Algunha das medidas que se levarán a cabo na aula son:

- Organizar a aula de forma accesible, adecuando tempos e rutinas en base ás súas necesidades afectivas, fisiolóxicas, de movemento e curriculares.
- Utilizar metodoloxías cooperativas e colaborativas.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características do alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC, utilizando diferentes apps para a estimulación da linguaxe, o razonamento e a atención.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Evitar tarefas repetitivas e sen interese para o alumnado.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades tanto como medida preventiva de discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X	X	X	X	X	X	
ET.2 - Hábitos de control corporal	X							

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X		X	X				
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos		X				X	X	
ET.5 - Educación para o consumo responsable			X			X		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos	X		X	X			X	

	UD 9	UD 10
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional		
ET.2 - Hábitos de control corporal		
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social		
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos		
ET.5 - Educación para o consumo responsable		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos		

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Contacontos cas familias	As familias virán progresivamente á aula a contar os contos que máis lle gustan os seus fillos ou fillas	X	X	X
Contacontos escolares	Ó longo do curso visitarannos nenos e nenas doutros cursos para contarnos contos relacionados co centro de interese en colaboración co Equipo de biblioteca do centro	X	X	X
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa plantexa actividades relacionadas coas conmemoracións e festas máis significativas para levar a cabo entre toda a escola	X	X	X
Rutas urbanas do Concello: Visita ao Parque de Santa Margarita	Descubriremos a nosa contorna e os seus segredos.	X	X	X
Biblioteca do Castrillón	Na búsqueda do fomento da lectura, visitaremos a nosa Biblioteca Municipal próxima.	X	X	X
Concertos da OSG	Acudiremos á representación de "De aquí para alá coas emocións"		X	X
Carreira Solidaria	Carreira en favor de Save the children.	X		
Visita de persoas expertas en determinadas temáticas	Asistirán a nosa aula diversas persoas que nos expliquen ou mostren aspectos relacionados coas distintas unidades didácticas	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao Aquarium	Visitaremos a Casa dos Peixes da Coruña		X	X
Educación vial coa policía: os parruliños coñecen a rúa	Visitaranos a Policía Local, que nos ensinará as normas viarias básicas.		X	X
Obradoiro froitas e verduras (Alimentación e consumo 2023/2024- Concello Coruña)	Obradoiro no centro escolar que ten como obxectivo o fomento dunha alimentación sana e equilibrada		X	X
Saídas polo concello e concellos limítrofes	Coa finalidade de reforzar os contidos que se traballan nos diferentes centros de interese	X	X	X
Desfile de entroido	Ruta pola contorna do centro escolar		X	
Día da educación física na rúa	Actividade consistente na realización de diversos xogos motores na rúa para visibilizar a importancia da actividade física			X
Saída de fin de curso polos parques da contorna	Actividade plantexada para favorecer as relacións sociais e a vida en grupo			X

Observacións:

As actividades e saídas marcadas para máis dun trimestre débense a que aínda non saíron as datas de celebración das mesmas, polo que non se pode establecer o momento concreto de realización.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A proposta educativa adáptase as necesidades e intereses do alumnado
O papel da docente é o de guía do proceso de ensino aprendizaxe
A docente ten un bo dominio dos contidos traballados
Metodoloxía empregada
Utilízase diversidade de materiais para acceder á información, para expresarse e para fomentar a motivación
A temporalización das actividades foi a adecuada
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empréganse diversos recursos didácticos
Medidas de atención á diversidade
Ofrécese tempo suficiente para que todo o alumnado realice as tarefas propostas
As actividades plantexadas adecúanse ó nivel psicomadurativo do alumnado

Clima de traballo na aula
Plantéxanse tarefas que fomenten as relacións sociais
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente

Descrición:

Todos os indicadores de logro téñense en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza e así poder modificalo e melloralo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación será valorada a través dunha rúbrica na que serán puntuados os marcadores anteriormente citados. Así mesmo, farase un seguimento a través de PROENS dende a coordinación de ciclo ao remate de cada trimestre.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15004745	CEIP Plurilingüe Anxo da Garda	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Relixión Católica	4º Inf.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

O acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensino e asuntos culturais contempla o dereito a recibir ensinanzas de Relixión Católica. Conforme a isto, a disposición adicional segunda da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación establece que se incluírá a relixión católica como área ou materia nos niveis educativos que corresponda.

E no Real Decreto 95/2022 de 1 de febreiro dispónse que esta materia incluírase no segundo ciclo desta etapa educativa e que será competencia da xerararquía eclesiástica da Igrexa católica a determinación do correspondente currículo.

Neste marco as ensinanzas de relixión católica son de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias.

O CEIPP Anxo da Garda é un centro situado na cidade de A Coruña. Recibe alumnado da zona. O número de alumnos e alumnas que elixen a opción de relixión católica oscila entre 50 e 60. Hai unha oscilación duns cursos a outros, detectándose unha participación moi baixa nos dous primeiros cursos de Educación infantil.. A esixencia de libro de texto que se mantén dende Infantil ata 4º de Primaria, parece ser, un elemento que fai decantar a algunhas familias por non escoller a asignatura de Relixión Católica, polo que se valorará a presente opción cara o próximo curso.

A proposta educativa desta asignatura favorece o proceso educativo do alumnado, a sensibilidade espiritual e o despertar da experiencia relixiosa. Axuda a comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado en contextos plurais e diversos.

Tamén complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación.	1			1	1			
OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana.					1	1		
OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubrindo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia.						1	1	
OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticas gozando das súas manifestacións máis significativas e descubrindo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza.							1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas.	1				1	1		
OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa.	1							1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Deus é noso Pai		6	X		
2	O Nacemento de Xesús		8	X		
3	Xesús é o meu amigo		5		X	
4	Semana Santa		6		X	
5	María nai de Xesús		5			X
6	A Igrexa casa de todos		5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Deus é noso Pai	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	É autónomo para facer algunhas actividades cotiás básicas	TI
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	É quen de respectar aos seus amigos e de recoñecer os seus erros	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas	
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoa cunha actitude de asertividade e respecto.	Coñece algunha canción ou oración das aprendidas	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Mantén unha actitude de respecto hacia as costumes cristiás e mesmo doutras relixións.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Admiración e coidado da natureza como creación de Deus e casa común. - Identidade cristiá e contorna social.

UD	Título da UD	Duración
2	O Nacemento de Xesús	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola	TI
CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade	Recoñece actitudes pacíficas baseadas nalgún relato bíblico	
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Coñece algunha manifestación artística relacionada co cristianismo (igrexa, escultura)	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	É quen de recoñecer o relato do nacemento de Xesús	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Amosa lelicia pola celebración do nacemento de Xesús.	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Respecta as diferentes formas de celebrar o Nacemento de Xesús	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos. - A oración de Xesús.

UD	Título da UD	Duración
3	Xesús é o meu amigo	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola	TI
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Recoñecer na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacífica	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	Recoñece a Xesús como modelo de amizade	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Identifica a amizade como un valor que nos ensina Xesús.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón. - A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - A Biblia como comunicación de Deus coas persoas. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.

UD	Título da UD	Duración
4	Semana Santa	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola	TI
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	É de quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais.	
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Recoñece na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacíficas.	
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Recoñece o valor do perdón no relato da Paixón de Xesús.	
CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade	Axuda a xerar espazos pacíficos baseados na figura de Xesús.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	É quen de recoñecer a Xesús no relato da Paixón.	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Amosa ledicia pola celebración da Pascua de Xesús.	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Respecta as diferentes formas de celebración da Pascua cristiá	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empa-tía. - Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.

UD	Título da UD	Duración
5	María nai de Xesús	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola	TI
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Recoñece situacións nas que usar as palabras grazas e por favor	
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	É de quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto.	Coñece algunha canción ou oración das aprendidas	
CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es	Recoñece imaxes de algúns elementos relixiosos propios do cristianismo	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	Recoñece a Xesús como protagonista nalguha narración bíblica ou manifestacións artísticas	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Mantén unha actitude de respecto hacia as costumes cristiás e mesmo doutras relixións.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Identidade cristiá e contorna social. - Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá. - As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A figura da Virxe María.

UD	Título da UD	Duración
6	A Igrexa casa de todos	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola	TI
CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades.	Amosa afecto polos seus compañeiros e a súa familia e pide axuda cando a precisa	
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Recoñece situacións nas que usar as palabras grazas e por favor	
CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respecto e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da	Amosa interese pola materia e respecta os momentos de xogo, e de narracións	
CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio.	É quen de contar algunha experiencia propia relacionada coa Igrexa (bautizo, eucaristía, Nadal...)	
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Recoñece imaxes relacionadas cos templos cristiáns	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	Recoñece a Xesús como protagonista nalguha narración bíblica ou manifestacións artísticas	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Recoñece que o servizo aos demais membros dunha comunidade e motivo de satisfacción e ledicia	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Mantén unha actitude de respecto hacia as costumes cristiáns e mesmo doutras relixións.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.

Contidos

- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.
- Valoración das relacións sociais, en especial da amizade.
- A vida cristiá en comunidade.
- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.
- Identidade cristiá e contorna social.
- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.
- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.
- A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa.
- Calendario litúrxico e celebracións cristiás.
- A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía para a materia de relixión católica fundaméntase na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, en experiencias de aprendizaxe significativo e emocionalmente positivas, no coidado do desenvolvemento afectivo e cognitivo dos alumnos e alumnas, no aprendizaxe individualizado e cooperativo, na relación dos aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, ao emprendemento e á aplicación dos saberes.

Para a atención personalizada, na aula utilizamos dinámicas de educación emocional e comunicación empática. O método de traballo pode ser individual ou cooperativo, en grupo pequeno ou con todo o grupo-clase: realizaranse tarefas que promovan a colaboración, non a competitividade, e aplicaranse técnicas de traballo formal e non formal. Aplicaremos os principios do DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe) proporcionando varios xeitos de implicación, múltiples formas de representación da información e múltiples formas de acción e expresión do aprendizaxe. Trátase de que todo o alumnado teña oportunidade de aprender.

A nivel máis concreto usaremos situacións de aprendizaxe que recrean na aula situacións significativas e cotiás do entorno persoal, familiar, social e cultural dos nenos e nenas e que se refiren ás súas necesidades e intereses.

A complexidade dos retos e problemas que presentan estas situacións serán axeitados ao desenvolvemento do alumnado. As actividades que se programen terán que provocar o diálogo, o pensamento creativo e autónomo, o bo trato, a convivencia e o respecto á diferenza.

Outra metodoloxía fundamental nesta etapa é o xogo. Utilizaranse xogos que traballen e desenvolvan a atención, memoria, imaxinación, creatividade, comunicación e a expresión en diferentes linguaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Biblia infantil
Materiais para producións artísticas (ceras de cores, lápices, témperas, papeis de cores, rotuladores...)
Imaxes de distintas producións artísticas relacionadas co cristianismo (pintura, escultura, arquitectura)

Monicreques
Mandalas
Materiais audiovisuais

Os materiais para producións artísticas, os xogos e outros elementos lúdicos usaranse para provocar a resposta creativa do alumnado perante as situacións de aprendizaxe propostas, para facilitar a autoexploración interior, o recoñecemento de distintas emocións e como canalizalas e a relación entre as actividades cooperativas e o grao de satisfacción persoal.

Os materiais audiovisuais que se utilizan son curtametraxes, contos ou fábulas, vídeos ou audicións de rutinas de interiorización guiadas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Facer unha avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades

Neste nivel usaremos unha rutina de pensamento visual coa finalidade de explorar o grao de coñecemento sobre os personaxes bíblicos e diferentes elemento relixiosos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

A avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa e levarase a cabo de xeito sistemático.

Os criterios na Educación infantil pretenden ser para o profesor algúns indicadores na avaliación continua e observación do alumnado co fin de reconducir o seu propio aprendizaxe. O criterio esencial é coñecer ao neno ou nena e axudarlle no seu crecemento.

Farase a partir da análise das producións do alumnado, as escalas de valoración ou cotexo, e a observación directa e sistemática, observando as condutas e os comportamentos dos nenos e nenas, as relacións que establecen cos seus iguais e os procesos de ensino e aprendizaxe.

Como en todas as áreas de Ed. Infantil, na avaliación valórase sobre todo o progreso e o grao de consecución dos obxectivos, así como o interese do alumnado.

Criterios de recuperación:

En calquera clase de educación infantil hai alumnos e alumnas con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación.

A diversidade de actividades, materiais e estratexias utilizados posibilita que todo o alumnado poida atopar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un

reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.o obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención educativa á diversidade é o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Ten como finalidade favorecer ao desenvolvemento persoal e social de cada un dos alumnos e alumnas e o seu potencial de aprendizaxe facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos.

Ríxese polos principios de normalización e inclusión, equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción de convivencia.

- O primeiro paso será identificar o tipo de dificultades que ten un alumno ou alumna xa que poden deberse a dificultades

específicas, problemas emotivo - relacionais e/ou de conduta, altas capacidades intelectuais ou condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorable.

- Porase especial coidado en formar grupos heteroxéneos no traballo colaborativo que favorezan a inclusión de todo o alumnado.

- Favorecer a aprendizaxe con materiais manipulativos que poidan facilitar o desenvolvemento dos alumnos e alumnas.

- Fomentar a mellora do autoconceito e a autoestima, aprendendo a reflexionar sobre si mesmos.

- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

-Reforzar os logros, por pequenos que sexan, para motivar os/as alumnos/as nas aprendizaxes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a igualdade de xénero	X		X	X	X	X
ET.3 - Educación para a saúde	X					
ET.4 - Educación para a sustentabilidade e a ecoloxía	X		X			
ET.5 - Educación para o consumo responsable	X	X	X			
ET.6 - Educación para a solidariedade	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
A nosa festa do Nadal	Preparación do Nadal coa elaboración da estrela e colaboración na confección do nacemento.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día da Paz	O alumnado deste nivel participará nas actividades propostas o centro para festexar o día 30 de xaneiro.		X	
Mes de María	Decoración do mes de maio para celebrar o mes mariano e a compartir con todo o colexio a ledicia da primavera			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada.
Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes.
Metodoloxía empregada
Creo e comparto materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe.
Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo.
Emprego técnicas e instrumentos de avaliación variados que orienten o alumnado para o seu desenvolvemento.
Utilizo a avaliación para favorecer a aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Adapto as actividades a diversidade da aula.
Potencio a participación dos alumnos na aula.
Vínculo o aprendizaxe ca vida real.
Evito calquera maneira de discriminación cara o alumnado, familias e co equipo docente.
Clima de traballo na aula
Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo.
Fomento a autoavaliación e a coavaliación.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro.
Respecto os aspectos confidenciais da miña profesión
Asumo as funcións do meu posto de traballo
Busco un clima de benestar cos meus compañeiros.

Descrición:

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistemáticamente información relevante sobre a nosa práctica docente permítenos reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento do grupo clase, a nosa propia práctica e o funcionamento do centro escolar.

Utilizaremos como ferramenta de autoavaliación docente unha lista de control de diferentes ítems Esta lista pretende ser unha guía para revisar a nosa actividade docente e poder crear a partir das nosas repostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumprimentar esta lista de control debemos marcar a casilla na que nos atopamos en relación o ítem exposto. Para iso dispoñemos de catro niveis de frecuencia: Nivel 1: pouco. Nivel 2: ás veces. Nivel 3: frecuentemente. Nivel 4: sempre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Revisaremos a programación trimestralmente. Como instrumento de avaliación empregaremos un cadro no que se reflicten diferentes aspectos:

- Motivación inicial do alumnado e durante todo o proceso.
- Presentación dos contenidos.
- Recursos e organización.
- Clima da aula.
- Seguimento/control de ensino/aprendizaxe.
- Diversidade.

9. Outros apartados